


Guía rápida

Admisión FP 2026-2027

Oferta modular



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



Do 15 xuño ás 9 h



ata o 30 xuño ás 13 h





 Unicamente será tida en conta a última solicitude realizada para cada oferta

Oferta modular

Requisitos de acceso

- **Ter 18 anos** ou facelos no ano natural en que comece o curso escolar.
- Excepcionalmente, poderán acceder as persoas maiores de 16 anos que o soliciten e teñan un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos pola oferta ordinaria.

Grao medio

Pódese acceder por:

- Titulación:

- Título da ESO.
- Título de FP Básica.
- Titulacións equivalentes ou superiores.

- Proba de acceso a grao medio.

Grao superior

Pódese acceder por:





- Titulación:

- Título de técnico.⁽¹⁾
- Título de bacharelato.
- Titulacións equivalentes ou superiores.
- Proba de acceso a grao superior.

⁽¹⁾ Título de técnico/a de FP ou de Artes Plástica e Deseño.

- Poderán acceder á oferta modular sen cumprir os requisitos académicos de acceso persoas con dous anos de experiencia laboral relacionada co ciclo que desexen cursar. Terán acceso a prazas liberadas de módulos profesionais asociados a estándares de competencia.

Presentación de solicitude

- ! Presentarase **unha única** solicitude **por cada grao** (medio ou superior) **e para cada modalidade** (presencial ou semipresencial e a distancia).
 - En cada solicitude poderá optarse a **catro** opcións de **centro** e ciclo con ata **dez módulos** cada unha.
-  A **solicitude** farase a través do **asistente informático**.
 - [Ciclosadmisión](#)
-  A aplicación **avisará** no caso de cumprir achegar documentación.
 - Pódese engadir electronicamente.
-  **Non** é necesario **presentar resgardo** da solicitude nin documentación nun centro.
 - **Salvo** que a aplicación o indique.
-  No caso de se detectar **erros**, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán **xerarse e validarse outra/s solicitude/s**.
 - **Só** se considerarán os datos da **derradeira** solicitude validada.

Documentación mínima para presentar electronicamente

A documentación para presentar será:

- » Se se acredita experiencia laboral presentárase certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral á cal se estivese afiliado/a, na que consten os días de cotización.
 - » Se a persoa solicitante xa ten módulos superados no ciclo formativo, deberá presentar a correspondente certificación académica.
 - » No caso de ter acreditados estándares de competencia que dean lugar á validación de módulos do ciclo que se desexe cursar, deberase presentar certificación oficial na que se acrediten estándares de competencia relacionados cos ciclos solicitados.
- ! O asistente informático **indicará** a **documentación** que cumpra presentar cando a Administración non dispoña dela ou non sexa posible a súa consulta nos sistemas informáticos.

Itinerarios formativos na oferta modular



No

enderezo

web

<http://www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-adultos>

pódese consultar información sobre os **itinerarios formativos recomendados** e a **orde** en que é preferible cursar os módulos na oferta modular.

Oferta modular. Itinerarios formativos recomendados

A oferta modular, tanto na modalidade presencial como a distancia, permite a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, e responde así ás necesidades e aos intereses persoais.

A diferenza da oferta ordinaria, onde a matrícula é por curso completo e a distribución de módulos por cursos xa está establecida na normativa, a oferta modular permite realizar a matrícula por módulos soltos, de maneira que as persoas poden deseñar os seus itinerarios formativos. Esta circunstancia, que é moi ben valorada polo alumnado, pode provocar que nalgúns casos, ben por descoñecemento ou ben por falta de asesoramento, se matriculen de máis módulos dos que poden asumir ou que dificilmente poden afrontar con éxito, sen teren os coñecementos e as competencias mínimas requiridas.

Coa finalidade de que as persoas dispoñan de toda a información no momento de realizar a solicitude de admisión ou, chegado o caso, a matrícula nas ensinanzas de formación profesional en oferta modular, preséntase a continuación, por familia profesional e para cada ciclo formativo, un documento coa seguinte información:

- **Para as persoas que non teñen pensado realizar o ciclo formativo completo:**

Módulos profesionais que deben ser cursados con anterioridade a realizar a matrícula noutros módulos, por incluíren contidos ou competencias que son necesarios para cursar con aproveitamento outros módulos.

Módulos, de ser o caso, que deben ser cursados dunha forma simultánea, por incluíren contidos ou competencias que se complementan.




- **Para as persoas que teñen pensado realizar o ciclo formativo completo:**

- **Itinerario 1:** recomendado para as persoas con tempo suficiente para abordar as ensinanzas do ciclo en tres cursos académicos (dous cursos de formación no centro educativo, mais outro curso para realizar a FCT e o módulo de Proxecto, no caso dos ciclos de grao superior).

- **Itinerario 2:** recomendado para as persoas que non dispoñan de tanto tempo como no itinerario 1, pero que poidan abordar as ensinanzas do ciclo en catro cursos académicos (tres cursos de formación no centro educativo, mais outro curso para a FCT e o Proxecto, de ser o caso).

- **Itinerario 3:** recomendado para as persoas que dispoñan de moi pouco tempo para dedicar á súa formación. Neste caso, o itinerario abranguerá cinco cursos académicos (catro cursos de formación no centro educativo, mais outro para a FCT e o Proxecto, de ser o caso). O réxime de persoas adultas, tanto na modalidade presencial como a distancia, permite a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, e responde así ás necesidades e aos intereses persoais.

Resolución provisional

-  O día **3 de xullo** poderase consultar a **resolución provisional**.
-  No caso de solicitudes **excluídas** aparecerá consignada a causa de exclusión.
-  Prazo de **reclamacións** desde o **3 ás 9:00 horas** ata o **7 de xullo ás 13:00 horas**.

 **Lembra!****No momento en que te matricules
para o curso 2026-2027 en:**

ESO

Bacharelato

FP (*)

(*) aínda que sexa só FCT

**No momento en que teñas praza
adxudicada ou te matricules en:**

FP Dual intensiva




Formación Acelerada

Cursos de Especialización






Finalizará a participación no
proceso de admisión e xa non será
adxudicada praza no resto de
opcións solicitadas (*)

(*) agás o disposto para matrícula simultánea






Resolución definitiva

-  O día **10 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva.
-  No caso de solicitudes **excluídas** aparecerá consignada a causa de exclusión.
-  Pódese consultar na ligazón [Ciclosadmisión](#)






Primeira adxudicación ordinaria e matrícula

-  A primeira adxudicación poderase consultar o **10 de xullo**.
-  As persoas con praza adxudicada deberanse **matricular** desde o **día 10 de xullo ás 9:00 horas ata o día 15 de xullo ás 13:00 horas**.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#).
Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  De non facelo **perderán o dereito** a matrícula sobre as prazas adxudicadas.
-  Na **modalidade presencial** será **obligatorio** confirmar, no **centro adxudicado**, a reserva dos módulos adxudicados entregando unha solicitude de matrícula.





Segunda adxudicación ordinaria e matrícula

-  O **día 20 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a segunda relación ordinaria de prazas adxudicadas.
-  Deberanse **matricular** no prazo abranguido desde o **día 20 de xullo ás 9:00 horas ata o día 23 de xullo ás 13:00 horas**.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [ciclosadmission \(xunta.gal\)](https://ciclosadmission.xunta.gal). Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  De non facelo **perderán o dereito** a matrícula sobre as prazas adxudicadas.
-  Na **modalidade presencial** será **obligatorio** confirmar, no **centro adxudicado**, a reserva dos módulos adxudicados entregando unha solicitude de matrícula.


Terceira adxudicación ordinaria e matrícula

-  A terceira adxudicación poderase consultar o **día 27 de xullo**.
-  A **matrícula** abrangue desde o **día 27 de xullo ás 9:00 horas** ata o **día 29 de xullo ás 13:00 horas**.
-  A matrícula realizarase a través da aplicación [Ciclosadmisión](#).
Tamén se pode matricular no centro no que se teña a praza adxudicada.
-  De non facelo **perderán o dereito** a matrícula sobre as prazas adxudicadas.
-  Na **modalidade presencial** será **obligatorio** confirmar, no **centro adxudicado**, a reserva dos módulos adxudicados entregando unha solicitude de matrícula.

Adjudicación continuada

-  No caso dos ciclos con listaxe de espera, abriase o proceso de adjudicación de **prazas vacantes**.
-  Os prazos serán entre o **1 de setembro ás 9:00 horas e o 25 de setembro ás 13:00 horas**.
-  Os centros con prazas nesta situación efectuarán **chamamentos telefónicos** ás persoas que corresponda segundo a **listaxe de espera** para cubrir as prazas vacantes.
-  As chamadas efectuaranse aos **números de teléfono** consignados na solicitude de admisión e haberá unicamente **tres intentos**, separados por **media hora**.

Unha vez localizada a persoa ten dúas opcións:

 **Renunciar.**





É exclusivamente a esa praza.

 **Aceptar.**

Ten 24 horas para entregar toda a documentación para a matrícula e para iniciar o curso.

Non presentarse no prazo implica a perda da praza.

Liberación de prazas

-  Pódense liberar prazas en cada proceso de adxudicación **ata o 25 de setembro ás 13:00 horas.**
-  Poderanse consultar as prazas liberadas dos ciclos formativos para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso.
-  Esta consulta poderase facer na ligazón www.edu.xunta.gal/fp
-  É necesario acudir persoalmente ao centro, xa que a matrícula se fará por **estricta orde de chegada** dos solicitantes.

Matrícula en prazas liberadas

- »» No caso de prazas liberadas tamén se poderán solicitar sen requisito académico pero acreditando experiencia relacionada de dous anos, e só poden matricularse en módulos vinculados a estándares de competencia.
- »» A matrícula (**anexo II**) será **entregada persoalmente** ou por unha persoa autorizada no **centro** que teña a praza liberada.
- »» O anexo II pódese atopar na páxina www.edu.xunta.es/fp
- »» Xunto coa matrícula tamén se entregará documentación acreditativa de acceso (titulación, proba de acceso ou experiencia laboral de dous anos relacionada co ciclo que se desexe cursar).

Matrícula simultánea

- »» En determinadas circunstancias, e logo da autorización da Inspección Educativa, poderase solicitar matrícula simultánea.
- »» O prazo para a súa presentación será desde **o 8 de setembro ás 9 h ata o 11 de setembro ás 13 h**.
- »» O Servizo Territorial de **Inspección** Educativa **resolverá** a autorización no prazo que abrangue desde **o 11 ata o 14 de setembro**.
- »» O alumnado poderá formalizar a **matrícula** desde **o 15 de setembro ás 9 h ata o 18 de setembro ás 13 h**, sempre que **existan prazas** dispoñibles e non haxa listaxe de espera.
- »» No caso do alumnado que teña pendente **unicamente** o módulo de Formación en centros de traballo e/ou o módulo de Proxecto, poderá solicitar a matrícula simultánea, **a partir do 8 de setembro** ou en calquera momento do curso.

Acceso de persoas con titulación estranxeira

! Os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da declaración responsable para inscrición condicionada teñen que coincidir cos da solicitude de admisión.

📎 No espazo habilitado na aplicación para cargar a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

Se dispón de homologación do título estranxeiro:

- Documento oficial de identidade (DOI).⁽¹⁾
- Homologación do título.

⁽¹⁾ Cando a identidade coa que se obtivo a homologación sexa diferente ao DOI, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

Se non dispón da homologación:

- Documento oficial de identidade.
- Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias co selo de rexistro de entrada.
- Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial co selo de rexistro de entrada.
- Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de ESO).

Consulta de información

Para a consulta da situación individual pódese usar:

- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal (exemplo, usuarios de NERTA).
- Chave 365.
- Certificado dixital.

Toda a **información** do proceso de admisión a FP pódese atopar en:



www.edu.xunta.gal/fp